

*Martes 18*



**Rosa Figueroa**  
Directora do IEO

Nada en Vigo en 1974, Rosa Figueroa é investigadora no campo da ecoloxía e fisioloxía de microalgas mariñas, especializada en floracións de algas nocivas (FAN) e biotoxinas. Licenciada en Ciencias do Mar pola Universidade de Vigo, doutorouse en Limnoloxía e Ecoloxía pola Universidade de Lund (Suecia, 2005) e a súa tese foi galardoada en 2008 co prestigioso Patrick Gentien Award da Sociedade International para o Estudo das Floracións de Algas Nocivas (ISSHA).

Ao longo da súa traxectoria acumulou máis de 70 meses de estancias en centros internacionais de excelencia, incluíndo o Instituto de Ciencias do Mar (Barcelona, ICM-CSIC) en Barcelona e a Woods Hole Oceanographic Institution (EUA). Entre 2010 e 2014 traballou como profesora asociada na Universidade de Lund, onde coordinou un mestrado universitario e exerceu docencia en programas de grao e posgrao. En 2010 obtivo un contrato Ramón e Cajal e desde entón desenvolveu a súa carreira investigadora no Centro Oceanográfico de Vigo (IEO-CSIC), onde é investigadora científica.

Foi nomeada directora do Centro Oceanográfico de Vigo en xullo do ano 2023, cargo que ocupou ata o seu nomeamento actual como directora do Centro Nacional IEO-CSIC, en marzo de 2025.

*Mércores 19*



**David Sánchez Carretero**  
Director do CIMASUB

David Sánchez Carretero, mergullador apaixonado polo mundo submarino, lidera desde hai unha década o Ciclo Internacional de Cinema Submarino de Donostia-San Sebastián (CIMASUB), un festival que coordina xunto á Agrupación Deportiva Subacuáticas Real Sociedade. Baixo a súa dirección, o certame consolidouse como un referente na divulgación do mundo submarino, ao achegarlle ao público a beleza e a diversidade dos océanos a través da fotografía e do cinema. Ao longo do ano, o CimasubTour percorre distintas poboacións con proxeccións, charlas e actividades educativas que buscan inspirar o respecto e a protección da vida mariña.

Ademais do seu labor no festival, David desenvolve a súa actividade como editor, cámara e realizador de curtametraxes submarinas, participando en producións premiadas e seleccionadas en festivais nacionais e internacionais. En paralelo, impulsa o seu proxecto persoal «desde dentro», onde une a súa formación en deseño gráfico, comunicación e mercadotecnia coa súa profunda conexión co mar. A través deste espazo, comparte experiencias, emocións e proxectos audiovisuais que reflicten a súa mirada máis íntima e reflexiva sobre o océano e o deporte.


*Xoves 20*



**Beatriz Naranjo Elizondo**  
Investigadora de Costa Rica

Licenciada en Bioloxía pola Universidade de Costa Rica. Forma parte do Ocean Voices Programme Fellow (The University of Edinburgh-Nippon Foundation). Investigadora en proxectos da Universidade de Costa Rica sobre biodiversidade de mar profundo, con experiencia en ecoloxía de peixes e conservación mariña, e cun especial interese en investigación baseada en imaxes e vídeos. O seu traballo combina ciencia, tecnoloxía e participación pública para promover unha comprensión integral do océano profundo e fomentar que os datos científicos sexan accesibles e útiles para tomadores de decisións, educadores e a sociedade en xeral.

Colaborou en iniciativas internacionais e traballa para impulsar o establecemento de plataformas multidisciplinares que fortalezan a investigación e a conservación do mar profundo en América Latina. Lidera a iniciativa «Costa Rica Desconocida», un proxecto que busca visibilizar o patrimonio mariño profundo do país a través da ciencia, a cultura e a educación, promovendo o coñecemento, a protección e o uso sostible destes ecosistemas.



[uvigo.gal/cinesubmarino](http://uvigo.gal/cinesubmarino)



Universida de Vigo

Vicerreitoría  
de Extensión  
Universitaria

Patrocina  
**//Afundación**  
Obra Social ABANCA

# XXIII SEMANA DE CINE SUBMARINO

Universida de Vigo

**18, 19 e 20 de  
novembro de 2025**  
20.00 horas  
Auditorio do teatro  
Afundación Vigo  
ENTRADA LIBRE



© Xaime Beiro

## Martes 18



O océano non é noso

### O océano non é noso

Galicia: 4 min. Galego. Ano: 2023  
Un filme de Lara González e Xaime Beiro  
Voz: Mariña Lestón  
Audio: Rubén Carregal

#### Sinopse

Un vídeo sobre o mar, sobre a súa importancia esencial para a vida e a cultura. Sobre a pegada que deixa en nós, pero lembrándonos que non nos pertence, que só somos convidados.

### Vídeos do Instituto Balear de Estudos en Arqueoloxía Marítima Fragile

Illes Balears: 1 min 54 s. Ano: 2021  
Dirección, realización, guión, cámara e montaxe: Javier Rodríguez

#### Sinopse

Fragile é un vídeo que recolle o traballo do IBEAM nas illas Balears entre 2015 e 2022, centrado na exploración e na protección do patrimonio cultural subacuático que mostra como baixo o mar se conservan embarcacións naufragadas romanas, estruturas portuarias e vestixios de antigas navegacións que forman parte da memoria colectiva.

O vídeo convida a reflexionar sobre a urxencia de actuar, a entender que o que se perde baixo a auga non se recupera, e a valorar estas paisaxes mariñas como museos vivos que dependen do noso compromiso para seguir existindo.

### Eivissa Depths

Illes Balears: 2 min 49 s. Ano: 2023  
Dirección, realización e guión: Javier Rodríguez Pandozi  
Cámara/Fotografía e montaxe: Javier Rodríguez e José Antonio Arribas  
Produción: Consell Insular d'Eivissa e Eivissa Preservation

#### Sinopse

Este vídeo é unha viaxe visual creada para dar a coñecer a extraordinaria paisaxe submarina da illa de Eivissa.

Baixo as augas desprégase un mosaico de pradarias de posidonia, arrecifes rochosos e covas somerxidas que albergan unha vida mariña vibrante; consérvanse tamén, nos fondos mariños de Eivissa, pegadas de antigas navegacións e restos materiais que testemuñan séculos de relación entre os seres humanos e o mar.

O mar de Eivissa aparece, así como un museo vivo, esperando ser explorado baixo a superficie.



Pecio Cabrera XIV

### Ses Fontanelles Shipwreck

Illes Balears: 2 min 8 s. Ano: 2019  
Dirección, realización, guión, cámara e montaxe: Javier Rodríguez

#### Sinopse

Este vídeo narra a historia dun achado excepcional: unha asombrosa nave afundida romana do século III a. C., localizada a apenas trinta metros dunha das praias máis concorridas de Palma de Mallorca.

As imaxes revelan un cargamento sorprendentemente ben conservado, que inclúe ánforas e outros materiais que permiten reconstruír as rutas comerciais e o contacto cultural da época. O contraste entre a vitalidade turística da praia e a silenciosa presenza deste vestixio histórico subliña a fragilidade do patrimonio mergullado.



Futuro océano

### El futuro del océano

Instituto Español de Oceanografía (IEO): 52 min. Ano: 2022  
Producción e dirección: Mario Cuesta Hernando  
Guión: Pablo Lozano e Mario Cuesta Hernando  
Montaxe: Yago López

#### Sinopse

Os océanos atravesan un momento crítico para o seu futuro. Os problemas derivados da sobrepesca, a saúde dos hábitats mariños ou a contaminación requiren dunha atención inmediata. Só a ciencia pode dar resposta a esas ameazas e, por iso, a ONU declarou o Decenio das Ciencias Oceánicas para o Desenvolvemento Sustentable.

En España, o Instituto Español de Oceanografía (IEO) encabeza esa misión contra o reloxo para garantir un futuro onde o océano e os seres humanos poidan vivir en equilibrio.

## Mércores 19



Nika - El calderón tropical

### CINEMASUB

#### Videos e documentais premiados no Cimasub de Donostia 2024

O Ciclo Internacional de Cinema Submarino de Donostia-San Sebastián (CIMASUB) regresa á XXXIII Semana de Cine Submarino de Vigo por oitava vez, despois da súa fantástica acollida na edición de 2024.

Esta nova sesión do CIMASUB promete ofrecer unha experiencia inesquecible para os e as amantes do océano e do cinema documental. Leva a audiencia ás profundidades do mundo submarino cunha coitada selección de curtametraxes e documentais de cineastas de todo o mundo, que destacan tanto pola calidade das súas imaxes coma polas súas mensaxes de concienciación sobre a conservación mariña.

Entre as proxeccións atópase *Red Alert On Corals*, que explora o papel fundamental que xogan os arrecifes de coral na biodiversidade mariña e na vida humana. Pero atópanse baixo unha ameaza crítica polo cambio climático, a pesca destrutiva e a contaminación.

Tamén se poderá gozar da curtametraxe musical *Raja Ampat. Tha last paradise*, de David Galván, onde descubriremos as augas cristalinas de Indonesia, un dos ecosistemas con máis diversidade do planeta: peixes exóticos, tartarugas mariñas e mantas entre corais de formas hipnóticas e anémonas.



Red alert on corals



Raja Ampat  
The last paradise

Pepe Brix explora os innovadores métodos dos pescadores dos Azores e o seu compromiso para converterse na primeira pesqueira sen plásticos; pola súa banda, Shireen Rahimi lévanos de viaxe a coñecer os misterios e as maravillas dos océanos das illas Bermudas e as ameazas ás que se enfrontan.

Un diaporama coas mellores fotografías presentadas ao concurso do festival renderá tributo á beleza do noso mundo e a quen a captura con mestría, fomentando reflexionar sobre a importancia da conservación ambiental.

Remataremos cun documental de 29 minutos *Nika - el calderón tropical*, dirixido por José Hernández e Felipe Ravina, que amosan o exceso de explotación á que esta sometida Tenerife e a maneira nefasta en que se xestionou a illa nas últimas décadas.

É un berro ao ceo por e para a protección, conservación e defensa da fauna e dos espazos naturais desta rexión ultraperiférica onde habita a maior poboación de caldeiróns tropicais únicos no mundo.



Magic on the Macroverse

## Xoves 20



O país das augas profundas

### Kallaikoi - O mar das meigas

Galicia: 4 min 33 s. Ano: 2024  
Gravación, montaxe e edición: Jorge Martínez Vázquez  
Música: Lance Conrad

#### Sinopse

As frías augas de Galicia están bañadas polo océano Atlántico, que enche as nosas rías. Debido á predominancia dos ventos do nordeste durante o verán e á orientación das rías, prodúcese un fenómeno de afloramento de plancto que as fertiliza e enche de vida. Son augas onde habitualmente a visibilidade é reducida. Non obstante, cando os ventos do sur nos traen os tan agardados clareos, podemos gozar deste mundo onde a exuberante vida sésil dá refuxio e alimento a especies de peixes, moluscos e crustáceos, formando unha das maiores biodiversidades en augas frías de todo o mundo. Nelas habitan congros, lumbrigantes, melgachos, raías, góbidos e blénidos de todas as cores, nudibranquios, ramos de mar, esponxas, cnidarios e unha infinidade de organismos non tan coñecidos coma os seus parentes tropicais.

### Un Xavi

Galicia: 3 min 12 s. Galego. Ano: 2024  
Un filme de Lara González e Xaime Beiro  
Voz: Mariña Lestón  
Audio: Rubén Carregal

#### Sinopse

Unha homenaxe a esas persoas que nos transmiten a súa paixón polo mar, a esa figura que todos temos presentes nas nosas vidas e que en maior ou menor medida nos axudou a entender o mar. En memoria do noso gran amigo Xavi Safont.

### Wild Life - Migrations

Galicia: 4 min. Ano: 2024  
Produción, edición e imaxe: Jorge J. Candán (JJCandan Producciones)  
Vídeo gañador do Campionato de España de Vídeo Submarino 2024

#### Sinopse

A viaxe migratoria que moitas especies realizan non se debe ao pracer de viaxar, é consecuencia dunha necesidade, a necesidade de sobrevivir, de buscar alimento ou de fuxir dos depredadores. Unha viaxe que pode ser tan difícil, tan cruel, tan salvaxe, tan humana como falta de humanidade.



O rei do arrecife das illas Cíes

### O país das augas profundas

Costa Rica: 30 min. Ano: 2023  
Schmidt Ocean Institute, Alex Ingle e Costa Rica descoñecida - Expedicións Octopus Odyssey e Octopus Odyssey (too)

#### Sinopse:

Costa Rica é un país de mar profundo: o 92 % do seu territorio atópase baixo o océano, gran parte aínda descoñecido. As expedicións do Schmidt Ocean Institute, a bordo do R/V Falkor (too) e utilizando o robot submarino SuBastian, permitiron a Costa Rica, a través dos ollos do seu equipo científico local, explorar por primeira vez eses ecosistemas que comezan onde non chega a luz do sol. Montañas submarinas, xardíns de corais e especies sorprendentes revelan a extraordinaria riqueza das súas augas frías e escuras.

Este vídeo reúne imaxes de distintas expedicións que non só xeraron descubrimentos científicos, senón que tamén fortalecieron a capacidade de investigación nacional, inspirando a novas xeracións e apoderando a Costa Rica no seu compromiso coa conservación mariña. Un retrato vivo do mar profundo costarricense e do futuro que podemos construír ao redor del.

### O rei do arrecife das illas Cíes

Galicia: 7 min 14 s. Galego  
Vídeo: Jose Irisarri  
Locución: Leandro Blanco Asesoría científica: David Villegas, Álvaro Roura e Gonzalo Mucientes  
Colaboradora e vídeo: Jade Irisarri Cal  
Música: «Documentary». PeacockMusic

#### Sinopse

O cabo de Vicos, situado na illa de San Martiño, a máis meridional das illas Cíes, é un dos escasos lugares do parque nacional das Illas Atlánticas onde aínda se pode ver o gallano (*Labrus mixtus*). Esta especie recibe en Galicia o nome de «rei». É un nome apropiado, pois o rechamante traxe de escamas de cor azul e laranxa do macho convérteno no «rei do arrecife».

Neste vídeo documéntase por primeira vez como o rei aprendeu unha sorprendente técnica de caza. Cando ve un polbo cazando polo arrecife, o peixe comeza a segui-lo. O cefalópodo actúa como líder, mentres que o lábrido o segue, para atrapar presas que fuxan do polbo cando se aproxima. A cazaría continúa e prodúcese un cambio de roles: o rei adopta o rol de líder, indicando gretas nas que pode haber presas e captando a atención do polbo para que o siga. Cando o polbo penetra na greta que lle indica o peixe, este nada ata situarse á saída, moi atento para capturar crustáceos que escapan espavorecidos do cefalópodo.